

CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DESENVOLVER NOS ANOS 2024, 2025 E 2026 UN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS SOBRE O NEOFALANTISMO A TRAVÉS DO GRUPO DE NOVOS MEDIOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril).

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), que actúa en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo cos artigos 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
2. Que, de acordo co Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), é función da Secretaría Xeral da Lingua promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de lingua. Así mesmo, correspóndelle programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, e planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.



Ademais, baixo a súa dirección, realízase a coordinación e xestión das actividades de formación e promoción da lingua galega, así como a produción e oferta de recursos tecnolóxicos para fomentar o seu uso, a xestión da produción de material para apoiar a formación en lingua galega e a organización de cursos, seminarios e xornadas formativas.

3. Que a Secretaría Xeral da Lingua e mais a Universidade de Santiago de Compostela (USC) contan cunha longa traxectoria de colaboración que pretenden seguir mantendo para levar a cabo os diversos proxectos de investigación que se están a realizar no ámbito universitario. Neste marco, sitúase a colaboración co Grupo Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, que se iniciou en 2021 co fin de contribuír á formación e ao fomento da lingua galega a través dun programa de actuacións sobre o fenómeno do neofalantismo, e que agora pretende continuar grazas a este novo convenio.

4. Que o Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC é un referente social de recoñecido prestixio e un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia. Particularmente, destaca a súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica e tecnolóxica en proxectos de comunicación. Dende o 1999, e coordinado polo catedrático Xosé López, a súa liña central de investigación foi –dende o inicio– e segue a ser o impacto e a relación das tecnoloxías cos cambios no ámbito da comunicación, lingua e información –tanto na produción coma na difusión e recepción– e na divulgación do coñecemento.

5. Que este grupo está actualmente a traballar na investigación das demandas dos novos usuarios, anunciantes e audiencias, con especial atención aos novos lectores e sectores económicos emerxentes, no estudo das perspectivas e tendencias no ámbito da comunicación e en laboratorios de proxectos e de elaboración da información. Tamén realiza un estudo continuo dos medios dixitais e impresos, unha análise permanente dos produtos informativos dos mercados globais e locais e da produción informativa do ecosistema mediático. Ademais, participa como Observatorio europeo de comunicación local no Observatorio galego da comunicación, Observatorio do ciberxornalismo, Observatorio de prensa e escola, Observatorio do libro, Observatorio de radio e de Comunicación Móbil e Inclusión Social.

6. Que o grupo realizou traballos coa Unión Europea, coa Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) e participou no plan galego de I+D.



Ademais, actualmente desenvolve o proxecto "Cibermedios nativos digitais en España: formatos narrativos y estrategia móvil" (RTI2018-093346-B-C33) do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (MCIU), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e o Proyecto de investigación (RTI2018-096065-B-I00) do Programa Estatal de I+D+i orientado a los Retos de la Sociedad do MCIU, da Agencia Estatal de Investigación (AEI) e do Feder sobre "Nuevos valores, gobernanza, financiación y servicios audiovisuales públicos para la sociedad de Internet: contrastes europeos y españoles".

7. Que as partes asinantes son conscientes de que deben colaborar en prol do proceso normalizador e do cumprimento dos obxectivos da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004 coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

8. Que, así mesmo, as partes colaborarán no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrarlle á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, o que inclúe medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como a tecnoloxía, o lecer, a cultura, o ensino ou o emprego. Este plan está concibido como un instrumento para a dinamización da lingua galega, de carácter participativo, práctico e realista, no que se debe implicar a comunidade universitaria, o que supón a posta en marcha de medidas dinamizadoras dirixidas ao profesorado, ao alumnado, ao persoal de administración e servizos e á mocidade en xeral, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na universidade e noutros ámbitos da mocidade.

9. Que o Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC é a única entidade no ámbito da Comunidade Autónoma galega que conta cos medios técnicos e humanos para desenvolver o programa de actuacións obxecto deste convenio e, polo tanto, referente exclusivo na materia. Por isto, e pola singularidade das actuacións, non é posible promover a concorrência en convocatoria pública.

10. Que con este convenio se levará a cabo a prestación dun servizo de carácter público e social que, a través da transferencia do coñecemento, incidirá na sociedade en xeral e que se executará mediante a acción pública, coordinada e colaborativa entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a USC, a través do Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación.

De acordo con todo isto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración, de carácter plurianual, entre os anos 2024-2026, que se rexerá polas seguintes



ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para desenvolver nos anos 2024, 2025 e 2026 diversas actuacións ou proxectos a través do Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación que se describen na estipulación segunda deste convenio.

O programa de actuacións e actividades que se vai desenvolver xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

Segunda. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A USC comprométese a realizar a través do Grupo de Novos Medios as seguintes actuacións:

A. Portal web e rede social. Darlle continuidade ao proxecto do portal informativo www.neofalantes.gal, sobre o fenómeno do neofalantismo. Crear novos contidos, vídeos e entrevistas, abrir vías de colaboración e captación de novos usuarios para a rede social e incorporar a esta contidos exclusivos (tutoriais, dúbidas lingüísticas, academia...).

B. Economía e emprego. Posta en marcha e difusión da canle empresarial e de emprego asociada ao portal web coa captación de emigrantes, empresas interesadas e tecido socioeconómico do mundo lusófono.

C. Oralidade, presencialidade e investigación. Potenciar as investigacións académicas, premios multimedia, unidades didácticas e encontros sobre o fenómeno do neofalantismo.

No anexo especificanse os traballos que se realizarán no marco de cada unha das actuacións ou proxectos mencionados e en cada unha das anualidades nas que o convenio estea vixente.

O Grupo de Novos Medios comprométese a realizar as actividades citadas; porén, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades reflectidas nesta estipulación, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda.



A USC publicará e difundirá a través da rede ou de calquera outro medio os resultados dos proxectos recollidos neste convenio, co fin de poñelos ao dispor da comunidade investigadora e do público en xeral.

Ambas as partes compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

Terceira. Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio é de **98.400 €**, importe que será sufragado coas achegas que se describen a continuación.

A **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará na realización destas accións cunha achega económica por un importe de **60.000 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 43.02.151A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2024, 2025 e 2026, coa seguinte desagregación por anualidades:

- Exercicio 2024, por importe de **15.000 €**
- Exercicio 2025, por importe de **22.500 €**
- Exercicio 2026, por importe de **22.500 €**

As devanditas cantidades distribuiranse do seguinte xeito:

Actividade	Importe			
	2024	2025	2026	Total
Portal web e rede social	12.000	9.000	9.000	30.000
Economía e emprego	3.000	12.000	5.500	20.500
Oralidade, presencialidade e investigación	0	1.500	8.000	9.500
TOTAL	15.000	22.500	22.500	60.000

A USC asumirá o resto dos custos con cargo aos seus orzamentos, por un importe de **38.400 €**, o que inclúe a dedicación do persoal docente investigador que participe na realización destes proxectos, así como outros custos, como, por exemplo, material bibliográfico e documental necesario, os recursos e medios informáticos, técnicos e tecnolóxicos e, en xeral, todo aquilo que se precise para o bo desenvolvemento dos proxectos nos seus locais, coa seguinte desagregación por anualidades:



- Exercicio 2024, por importe de **10.000 €**
- Exercicio 2025, por importe de **13.000 €**
- Exercicio 2026, por importe de **15.400 €**

As devanditas cantidades distribuiranse do seguinte xeito:

Outros gastos	Importe			
	2024	2025	2026	Total
Dedicación de persoal docente investigador	2.000	4.800	4.800	11.600
Outros custos: material bibliográfico e documental, recursos e medios informáticos, técnicos e tecnolóxicos, maquetación etc.	8.000	8.200	10.600	26.800
TOTAL	10.000	13.000	15.400	38.400

Cuarta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>, código de procedemento PR004A.

A USC percibirá a achega da Consellería prevista para cada unha das anualidades da seguinte maneira:

A. Para a anualidade 2024

1. Un único pagamento por un importe de **15.000 €**, que se efectuará unha vez que se execute o 100 % das actividades previstas no convenio para este ano, de acordo co programa de actuacións anual que figura no anexo e logo da presentación electrónica, antes do 15 de novembro de 2024, da seguinte documentación:

- Certificación que xustifique e acredite a execución das actividades do convenio, xunto coas notas de cargo que emitirá o servizo correspondente da USC.
- Un informe anual que detalle o estado e situación de cada un dos proxectos que se realizaron e os resultados obtidos, de acordo co previsto na estipulación novena do convenio.



As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteña ningún lucro.

B. Para as anualidades 2025 e 2026

1. Un primeiro pagamento por un importe de **11.250 €**, que se efectuará unha vez que se execute, aproximadamente, o 50 % das actividades previstas no convenio para cada exercicio, de acordo co programa de actuacións anual que figura no anexo e logo da presentación electrónica da seguinte documentación:

- Certificación que xustifique e acredite a execución das actividades do convenio, xunto coas notas de cargo que emitirá o servizo correspondente da USC.
- Un informe dos traballos que se realizaron e que comprenderá o estado de execución de cada un dos proxectos.

2. Un segundo pagamento por un importe de **11.250 €**, que se efectuará unha vez que se execute o 100 % das actividades previstas no convenio para cada ano, de acordo co programa de actuacións anual que figura no anexo e logo da presentación electrónica, antes do 15 de novembro da anualidade correspondente, da seguinte documentación:

- Certificación que xustifique e acredite a execución das actividades do convenio, xunto coas notas de cargo que emitirá o servizo correspondente da USC.
- Un informe anual que detalle o estado e situación de cada un dos proxectos que se realizaron e os resultados obtidos, de acordo co previsto na estipulación novena do convenio.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteña ningún lucro.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagamentos sexa inferior ao importe do convenio para cada anualidade, a achega de ambas as partes verase reducida na mesma proporción.

Antes de asinar este convenio e para o seu pagamento, a USC deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.



A entidade utilizará a lingua galega en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso á toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Con todo, e ante a posibilidade de apertura de vías de negocio e de contacto con empresas, entidades, universidades ou estudantes do espazo lusófono, cabe a posibilidade de que algúns destes poidan empregar ocasionalmente o idioma portugués.

Sexta. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.



Sétima. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra e deste convenio.

Oitava. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, o convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha delas ou por denuncia do convenio por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte, polo menos, cun mes de antelación.

Novena. Comisión de seguimento

Créase unha comisión paritaria de seguimento das accións obxecto deste convenio, presidida polo secretario xeral da Lingua e polo reitor da USC, ou as persoas nas que deleguen, e integrada ademais por:

- Dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular.
- Un representante da USC, nomeado polo seu reitor.
- O director do proxecto do Grupo de Novos Medios.

Esta comisión seguirá e supervisará as actividades especificadas neste convenio e reunirse, polo menos, dúas veces ao ano, unha para aprobar o plan de traballo e outra para valorar os seus resultados.

Para esta supervisión e avaliación, a USC comprométese a entregar:

- Un informe anual que dea conta dos traballos realizados e dos resultados obtidos respecto de cada unha das actuacións recollidas na estipulación segunda (epígrafes A, B e C).

Décima. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio por incumprimento da USC, a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas para se financiar.

Décimo primeira. Responsabilidades das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

A participación do equipo ou equipos de traballo dos investigadores da USC nas actividades referidas neste convenio efectuarase conforme a regulamentación propia da USC recollida nos seus estatutos e no Regulamento para a realización de actividades de investigación aprobado polo Consello de Goberno desta universidade o 20 de xuño de 2005 ao abeiro do establecido na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Décimo segunda. Avaliación de resultados

A Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades referidas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na formación e o fomento da lingua galega.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Terase en conta o sinalado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou de persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse as esixencias do Regulamento xeral de protección de datos –Regulamento (UE) 2016/679– e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 6 de decembro), e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinta. Administración dixital

As partes respectarán as esixencias que establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais.

Tamén será aplicable aos cidadáns e cidadás, que teñen o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, deberán utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.



Décimo sexta. Normativa aplicable e xurisdicción

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación das achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no citado Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase mediante diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co estipulado, asinan dixitalmente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela

José López Campos

Antonio López Díaz



ANEXO

Descrición das actividades e cronograma previsto para os anos 2024, 2025 e 2026

Neofalantes: innovación, motivación e capital social

Proxecto de noticias, web social e captación de negocio arredor do neofalantismo

1. Introducción

A presenza de neofalantes de galego é un dos trazos que caracterizan a situación sociolingüística da Galicia contemporánea. Os neofalantes son aqueles suxeitos que tiveron o castelán como primeira lingua, de socialización familiar, pero que posteriormente aprenderon o galego en novos espazos vitais –especialmente no sistema educativo– e que maiormente falan esta lingua. Trátase dun proceso relativamente emerxente, cun número reducido de persoas, mais con innegables posibilidades de futuro, sobre todo se se ten en conta que o perfil dos neofalantes potenciais se nutre maioritariamente da mocidade.

Esta proposta consiste en darlle continuidade á web social centrada nos neofalantes (www.neofalantes.gal) para facer do idioma un vehículo de uso económico co mundo lusófono e en abrir novos campos para a investigación, o ámbito multimedia e a didáctica sobre o neofalantismo. Interesan as traxectorias vitais, as expectativas e as demandas individuais e sociais dos neofalantes, pero tamén captar novos neofalantes.

O fomento desta canle xustifícase pola importancia actual da comunicación e das chamadas redes sociais á hora de interactuar na sociedade, pois facilitan o contacto entre neofalantes de todo o mundo e axudan a fomentar o uso da lingua galega e a xerar negocio arredor desta. Así, toda persoa que se sinta neofalante, ou que estea interesada neste fenómeno, e que teña entre os seus obxectivos dinamizar, potenciar, dignificar e crear valor engadido co uso da lingua galega está invitada a participar e a aproveitar as oportunidades que supón a web social, así como a plataforma empresarial e de emprego asociada a esta e as actividades tanto virtuais como presenciais que se organicen ao abeiro deste convenio.

2. Obxectivo

O obxectivo principal desta actuación é que o gran portal web informativo e social www.neofalantes.gal se manteña nutrido de contidos e material audiovisual para implicar a distintos colectivos pero, sobre todo, a comunidade universitaria que decidiu apropiarse activamente da lingua galega nas súas interaccións cotiás (familia, traballo, negocio, amizades, ocio etc.) a pesar de que a súa primeira lingua era o castelán.



Este obxectivo xeral proxéctase nos seguintes obxectivos específicos:

- Producir, almacenar e distribuír contidos de diversa índole relacionados co neofalantismo (investigación, divulgación, formación).
- Favorecer a creación de espazos físicos e comunidades virtuais que estimulen o neofalantismo.
- Expandir e difundir o interese do galego e do neofalantismo.
- Promover a narración de autobiografías e casos de éxito de neofalantes.
- Contribuír á creación de redes de negocio arredor do neofalantismo, especialmente no mundo lusófono.
- Dinamizar o galego a partir do intercambio de ideas, proxectos, experiencias, propostas de actuación etc. pensadas dende e sobre o neofalantismo.
- Buscar persoas non galegas que no seu día se achegaron ao noso idioma.
- Impulsar campos de investigación e estudo sobre o neofalantismo.
- Potenciar premios, unidades didácticas e encontros sobre o fenómeno do neofalantismo.

3. Equipo de traballo

O equipo de traballo combina e une dúas perspectivas complementarias: a sociolingüística e a comunicativa. Ademais, o espazo está pensado como un intercambio dinámico de experiencias entre persoas, grupos e institucións. Pode formar parte desta web toda a comunidade universitaria, así como todas aquelas persoas, empresas e colectivos interesados, incluídos aqueles que teñen xa páxina propia na rede.

A web estará coordinada e dirixida por Xurxo Salgado, profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e profesional ligado aos medios de comunicación virtuais dentro do Grupo de Novos Medios, liderado polo catedrático da mesma facultade, Xosé López, e no que traballará persoal contratado para o citado grupo e tamén colaborará alumnado da USC, á parte de contar co asesoramento da Secretaría Xeral da Lingua.



4. Cronograma

Establécense tres fases para o desenvolvemento do proxecto:

1ª Fase. Portal web e rede social

a) Ano 2024

- Contido atractivo e relevante

Asegurarse de que o contido na plataforma sexa interesante e relevante para os usuarios que están a aprender galego. Publicar regularmente entrevistas, noticias, leccións, curiosidades sobre a cultura galega, exercicios interactivos e contido multimedia atractivo.

- Participación activa

Aumentar a actividade na comunidade. Responder preguntas, comentar en publicacións e demostrar o compromiso da rede coa aprendizaxe do galego. Isto pode inspirar a outros a participar.

- Foros de discusión

A xente non adoita saír do seu círculo de amizades na rede, e mesmo das propias redes clásicas, de modo que participa pouco nos foros web, pois nestes non se interactúa en tempo real como nas redes sociais. É por iso que crear foros de discusión temáticos onde os usuarios poidan expoñer preguntas, compartir experiencias e colaborar en proxectos relacionados co galego pode ser unha mellora de cara a que o contido poida quedar colgado e ser consultado, e non a modo de liña do tempo como nas redes actuais. Así mesmo, animará á interacción entre os membros.

- Eventos en liña

Organizar eventos en liña, como sesións de práctica do idioma, charlas sobre a cultura galega, seminarios web (*webinars*) con expertos na lingua etc. Estes eventos poden xerar interese e participación.

- Grupos de estudo

Facilitar a creación de grupos de estudo dentro da comunidade. Isto permítelles aos membros colaborar nos seus esforzos de aprendizaxe e motivarse mutuamente.



b) Ano 2025**- Recompensas e recoñecementos**

Implementar, en colaboración con empresas ou institucións, un sistema de recompensas para aqueles membros que participen activamente. Isto podería incluír insignias, puntos ou mesmo premios tanxibles para os usuarios máis comprometidos.

- Colaboracións externas

Colaborar con institucións educativas, organizacións culturais ou expertos na lingua galega para ofrecer contido exclusivo ou eventos especiais na plataforma.

- Retorno de opinión e enquisas

Pedirlles retroalimentación aos usuarios sobre o que lles gusta e o que desexarían ver mellorado na plataforma. Valerse de enquisas e formularios para recompilar esta información e axustar o enfoque segundo as necesidades da comunidade.

c) Ano 2026**- Comunicación aberta**

Manter os usuarios informados sobre as actualizacións, eventos e calquera cambio na plataforma. Unha comunicación clara e regular crea confianza e mostra interese pola comunidade.

- Redes sociais

Utilizar as redes sociais para seguir promocionando a comunidade. Crear eventos en redes e fomentar a participación a través de concursos e propostas en liña.

2ª Fase. Economía e emprego**a) Ano 2024****- Deseño e usabilidade web**

Impulsar unha plataforma propia de emprego asociada ao neofalantismo. Revisar o atractivo do deseño do sitio e a súa usabilidade. Revisar os códigos de cores e fontes lexibles, así como a navegación, sistemas de menús e organización do contido, co fin de que sexa máis sinxelo atopar a información.



- Procura avanzada

Implementar filtros de busca avanzados. Isto permitiralles aos usuarios refinar as súas buscas e atopar ofertas máis relevantes.

- Alertas de emprego personalizadas

Permitirlles aos usuarios configurar alertas de emprego personalizadas segundo as súas preferencias. Poden recibir notificacións por correo electrónico cando se publiquen novas ofertas que coincidan cos seus criterios de busca.

b) Ano 2025

- Perfil de usuario

Crear perfís de usuario que almacenen a información laboral, educativa e de contacto dos usuarios. Isto facilita o proceso de solicitude e permítelles aos usuarios realizar un seguimento das súas aplicacións.

- Integración con redes sociais

Implementar botóns de compartir en redes sociais en cada oferta de emprego. Isto permítelles aos usuarios compartir oportunidades coas súas redes e aumenta a visibilidade da plataforma.

- Empresas verificadas

Establecer un proceso de verificación para as empresas que desexen publicar ofertas na plataforma.

- Retorno de opinión e recensións

Incorporar un sistema de recensións e comentarios para que os usuarios poidan compartir as súas experiencias con empresas específicas. Isto axuda a outros usuarios buscadores de emprego a tomar decisións informadas sobre onde traballar.

- Contido educativo

Crear unha sección de recursos educativos con consellos sobre currículos, entrevistas, desenvolvemento profesional e noticias relevantes para o ámbito laboral.

- Formularios de solicitude simplificados

Simplificar o proceso de solicitude. Eliminar campos innecesarios e utilizar un deseño intuitivo. Considerar a posibilidade de permitirlles aos usuarios cargar currículos ou enlazar con perfís de LinkedIn para facilitar a aplicación.



- Rede de emigrantes e neofalantes

Impulsar unha rede propia de emigrantes e neofalantes construída sobre intereses empresariais ou de emprego e estruturada arredor da lingua galega.

- Rede da lusofonía

Aproveitar as posibilidades que ofrece o espazo lusófono para introducir as ofertas de traballo ou oportunidades de negocio que se xeren dentro da rede propia de neofalantes do portal.

c) Ano 2026

- Estatísticas e analíticas

Utilizar ferramentas como Google Analytics para rastrexar o comportamento do usuario. Analizar métricas como o tempo de permanencia, as páxinas máis visitadas e as conversións para mellorar a experiencia do usuario.

- Eventos e feiras de emprego

Organizar ou participar en eventos en liña onde as empresas poidan presentarse e os candidatos interactuar en tempo real ou cando menos enviar as súas solicitudes. Isto podería agregarlle un compoñente interactivo á plataforma e aumentar a participación.

- Segmentación de audiencia

Personalizar os perfís e preferencias dos usuarios. Isto pode incluír a opción de recibir recomendacións personalizadas segundo a súa experiencia laboral, ámbito laboral de interese e localización.

- Programa de afiliados

Crear un programa que recompense os usuarios que refiran empresas ou ofertas de traballo de calidade na plataforma.

- Seguridade e privacidade

Asegurar o cumprimento de regulacións de privacidade e seguridade. Garantir a confidencialidade da información do usuario se se incrementa o nivel de información persoal compartida con currículos, teléfonos, enderezos físicos etc.

Implementar estas melloras gradualmente pode marcar unha gran diferenza na experiencia dos usuarios e na efectividade da plataforma de emprego.



3ª Fase. Oralidade, presencialidade e investigación

a) Ano 2024

- Mentoría e apoio

Ofrecer programas de mentoría onde falantes nativos ou usuarios máis avanzados axuden os principiantes. Esta interacción persoal pode ser moi valiosa e motivadora.

b) Ano 2025

- Concursos e desafíos

Organizar, en colaboración con empresas ou institucións, concursos e desafíos relacionados coa aprendizaxe do galego. Isto pode incluír competicións de escritura, pronuncia ou calquera actividade que anime os usuarios a participar.

- Facilitar a conexión persoal

Aumentar o detalle dos perfís de usuario para que os membros poidan compartir información sobre si mesmos. Isto facilita a conexión persoal entre os usuarios, o que pode aumentar a sensación de comunidade.

c) Ano 2026

- Historias de éxito

Destacar e buscar historias de éxito daqueles neofalantes que lograron melloras significativas na súa aprendizaxe do galego. Isto pode inspirar a outros a seguir adiante.

- Encontros e xornadas presenciais sobre neofalantismo

O obxectivo é realizar encontros e xornadas presenciais entre os neofalantes. Isto podería fortalecer os lazos entre os membros e crear un sentido máis forte de comunidade. Tamén se pretende darlles voz aos expertos en neofalantismo e ás investigacións e estudos deste fenómeno.

É preciso lembrar que construír unha comunidade leva tempo e que é esencial ser constante nos esforzos aplicados. Cómpre observar de preto as interaccións e adaptalas ao enfoque do proxecto segundo as necesidades e preferencias dos usuarios.

